



Concello de A Mezquita

BANDO **“TERMALISMO SOCIAL** **PROVINCIAL DE OURENSE 2026”**

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Deputación de Ourense aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento do Termalismo Social Provincial de Ourense para o exercicio 2026 (BOPnº2 do 05/01/2026)

Serán subvencionados os seguintes programas:

1.-TERMALISMO SAUDABLE dúas modalidades:

- A** – Estancias Balnearias, (con ou sen transporte en tren)
- B** – Tratamento terapéuticos sen estancia

2.-PROGRAMA DE CULTURA TERMAL

Estancias durante unha fin de semana.

3.- PROGRAMA TERMALISMO AZUL, este programa desenvolverase nas mesmas condicións que o previsto na modalidade A do programa 1.

4.- PROGRAMA RESPIRO TERMAL

Acceso a estancias termais colectivas, con duracion mínima 6 días e máxima de 13 días, con pensión completa

5.- PROGRAMA TERMAL CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA

Implica o acceso a unha terapia termal colectiva que será definida polo establecemento que a desenvolva.

BENEFICIARIOS:

1. Estar empadroadado nun municipio da provincia de Ourense.
2. Non ter enfermidade nin contraindicación médica algunha que impida a convivencia no balneario.
- 3.- Ser persoa válida para tódalas ABVD.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION

As solicitudes unha vez cubertas na plataforma electrónica presentaranse ante o Rexistro da Deputación de Ourense: con certificado dixital, sen certificado dixital, sistema mixto; presencial e en liña, e presencialmente.

O prazo para presentar as solicitudes e ata esgotar o crédito orzamentario.

Para calquera dúbida poden acudir a oficina de Servizos Sociais do Concello en horario de 9:00 a 14:30 horas.

En A Mezquita.

O ALCALDE,

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

